

afamadas e tradicionais

2010

festas

da rua de baixo



as ^ã ^u ^u ^ã
mãrias

SAÚDO DA COMISIÓN DE FESTAS

Un ano máis a Comisión de Festas da Asociación Veciñal "As Mariás" quere agradecer a toda a veciñanza a colaboración que estades a prestar, o traballo que desenvolvedes desinteresadamente e os apoios que nos facedes chegar e que fan posible que estas festas, as do noso Barrio, se celebren novamente e, se cabe, con máis pulo.

Esperamos que as festas sexan do gusto de todas as persoas ou, cando menos, agasallarvos con actividades para todos os gustos:

A rapazada poderedes gozar no Obradoiro de Faroís elaborando esas creacións coas que tradicionalmente se engalanaba a rúa de Abaixo e despois participar coas vosas obras no Concurso de Faroís.

Como sabemos que o ano pasado gostastes moito do Troco de Xoguetes, ide pensando tamén nos xoguetes e cousiñas que xa non utilizades e que están en bo uso para traer e intercambiar por outras que acheguen outros nenos e nenas.

Comprobaremos se a vosa vea artística segue tan en forma coma o ano pasado e, se é posible, pintaremos un novo mural para que sexa despois a ledicia de todo o barrio.

En definitiva: Preparádevos para bailar, xogar ou facer figuras con globos..... unha chea de interesantes actividades que están programadas dentro do festival infantil e que agardamos que vos gusten.


Como é ben sabido, neste barrio houbo e hai grandes bailadoras e bailadores así que o ciclo Lembrando o barrio adicarase nesta ocasión aos Bailes. Emprazamos a todos e todas a que veñades contarnos ou escoitar no Bar Leis como se vivían os bailes tradicionalmente nas nosas rúas.

Teremos tamén unha noite de festa dedicada integramente á Música Tradicional: con regueifas e pandeiteiras para continuar cunha estupenda foliada na que bailar e escoitar música e cantares desta terra.

Non esquezades a sesión vermú do sábado na que convidaremos a vermú e poderemos botarlle algún que outro baile amenizado polos nosos queridos Eva e Camilo.

Teremos concurso de baile, un posto de polvo á feira e verbena con interesantes actuacións coas que conseguir que, como nestes anos, a festa do noso barrio sexa unha festa rachada.

Por último dicirvos que, como ben sabedes, este ano a rúa de Abaixo está en proceso de remodelación e por este motivo e atendendo a razoables criterios de seguridade do Concello, da Empresa Construtora e desta Comisión de Festas, o "campo da Festa" trasládase á PRAZA DE ULTREIA. Agardamos que esta reubicación cause os menores inconvenientes posibles para podermos disfrutar ao máximo durante estes dous días de festa. Xa falta pouquiño para rencontrarnos un ano mais e conversar, bailar e rir. Vémonos na rúa!



GARUM

Praciña das Penas, 1
Santiago de Compostela
981571498

Info@bar-garum.com

café-bar



Antonio
Peluqueros

Santa Clara, 16
Santiago

previa cita

Tel: 981 56 63 80

**Lotería
PICHITA**

R/ Santa Clara Nº18, Bajo
 Tell.: 981 58 30 38
 Santiago - 15704 A Coruña

www.loteriapichita.es

movistar *Telefonica*

CENTYC

**INTEGRAMOS AS TUAS COMUNICACIONS
A túa Tenda Telefónica**

Bertamirans Avda da mahía 74 baixo	Milladoiro Rúa da cruz 4 baixo	Santiago Rúa San Roque 5 baixo
TELEFONO: 981891411 902110004 Fax 981891467		
www.centyc.com centyc@centyc.com		

**PROMOCIONES REFRESCANTES PARA ADSL E IMAGENIO,
INFORMATE EN CENTYC, NO TE QUEDES SIN ELLO...**

Isabel Iglesias Lodeiro

Delegada

Agente de Seguros
iiglesi@mapfre.com



MAPFRE

Travesa Pastoriza, 1 baixo · 15704 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Tel.: 981 562 300 / Fax.: 981 560 919

Nº Regtro: C0058-33244876-D

"Aseguramos tu calidad de vida"

FAMILIAR:

Asistencia sanitaria, Automóviles, Hogar, Comercios, Accidentes

SEGUROS VIDA - HIPOTECAS

INVERSIONES - EMPRESAS

Supermercados

FROIZ



As festas que queremos ter. As festas que podemos ter.

Hai vezes que temos o que queremos (as menos) e vezes que temos o que podemos (as mais).

As Marias é um colectivo pequeninho que trabalha num bairro pequeninho também. Que organiza umhas festas que poderám gostar mais ou menos, com mui poucos recursos económicos e com muita entrega e boa vontade. As festas da rua de abaixo som humildes, é verdade, mas som as festas que podemos ter.

O que acontece é que ademais de serem as festas que podemos ter, som as que QUEREMOS ter. Para nós as festas som o lugar de encontro, o momento do ano em que bailamos, rimos, trasnoitamos e conversamos cos da casa do lado. As festas som para abrir a rua aos cativos e cativas, para que pintem e corram e se escondam e troquem trebelhos que nom usam. As festas som para esquecer a rotina, deixar os conflitos e viver em comunidade durante dous dias; e pouco importa que venham orquestras caras ou baratas para poder desfrutar colectivamente. Se tivéssemos mais cartos mais cousas teria o programa, claro, e oxalá que cada ano medremos um pouco mais. Mas nom vamos pedir-vos mais dinheiro para gastá-lo todo em pagar um camião enorme com artistas caríssimos tocando em play-back. Todo o que gastamos no programa nom chega à metade do que valeria umha orquestra. Porque as festas nom estão para que fagamos de observadoras nem para assistirmos a espectáculos; estão para participar. Para cantar, para concursar bailando, para jogar à chave, para pintar murais nas paredes da rua, para comer em grupo, para lembrar colectivamente como eram as festas de antes e para decidir como queremos que sejam as de agora.

Por isso as festas que temos, ainda que mui humildes, tenhem o espírito dumhas festas participativas e populares. E essas som as festas que queremos.



Maribel e Angelines Tejidos

rúa espírito santo 52
tel.: 981 58 25 73

Zaida Balcena

Peluquería



ZB

E
s
t
é
t
i
c
a

piernas enteras e ingles
9,50 €

Santa Clara, 16 • Santiago

Telf.: 659 209 511 - 981 557 826

programa:

dia 2

- 19h00 obradoiro de faróis e guirnaldas
na fonte da rua de abaixo
20h30 " lembrando o bairro: os bailes"
bar leis

polvo à feira!

dia 3 pola noite
e 4 no vermu

dia 3

- 20h00: ruada musical
21h00: início da festa e discurso de benvinda
a cargo de isabel mancebo
21h00: astronomia na beirarrua (vamos ver as estrelas!)
21h30: entrega do prémio ao farol mais bonito
22h00: espectáculo musical:

tiroliro regueifeiros
bouba pandeireteiras
os estalotes
e ao acabar...foliada

dia 4

- 11h00: ruada com cabeçudos, bombas de palenque e música tradicional
13h00: pregom a cargo de jose do 13 (taberneiro) e rebecca montero (vizinha)
13h30 vermu amenizado polo duo eva e camilo
teremos prémios para os bailadores/as mais animadas
17h00 festival infantil:
troco infantil (troca por outra cousa os teus contos, bonecos, bolas, disfarcas...)
jogos populares
mural colectivo na rua
pinturas de cara
18h00 obradoiro de globofléxia
19h00 títeres cascanueces a rua dos pantasma

mercado de roupa e cousas de segunda mao
(toda a tarde)

- 19h30 campeonato de chave
20h00 charanga " follas novas" polas ruas do bairro
21h00 contos do afiador rodesindo da barroza
(espectáculo de pepe penabade). podedes levar facas
e navalhas para afiar!
22h00 concertos:

coro da ra
duo eva e camilo
cé orquestra pantasma
(home orquestra)

CASA PEPE TABERNA

Caldos - Embutidos - Quesos y Tostas

Cantón de San Bieito, 5 - Bajo
15704 Santiago de Compostela

Teléf. 981 58 41 62



**CANTOM DO S. BIEITO, 4
COMPOSTELA**



Amigo Sindo,

Estas festas nunca teriam existido sem ti. Sabemos que ainda temos muito que aprender e que sem ti será difícil, mas tentaremos continuar o teu trabalho como nos ensinaste, com paciência, ilusão e entrega.

Faltam as palavras para expressar-che o agradecimento e o carinho que sempre che vamos ter... por isso as festas deste ano, e de todos os que faltam por vir, vamos por ti.

Porque estas festas são tuas.

Por confiar em nós.

Até sempre, fogueteiro!

AVV As Marias



Antes a xente usaba as cousas ata que non había por onde lles poñer máis remendos. E pasamos da necesidade ao outro extremo de mercar cousas ata que xa non sabemos o que é desexar algo, e a miúdo aí quedan ocupando sitio e sen que ninguén lles dea uso algún. A que a todos nos soa de algo?

Por iso quixemos introducir no ano pasado o troco de xogos entre os nenos, que tivo tanto éxito que este ano habemos de repetir. Recordámosvos o seu funcionamento:

Ao longo da tarde do sábado, recibiremos os xogos EN BO ESTADO que os nenos e nenas xa non usen porque xa non son da súa idade ou porque xa non lles gusta. Pódense traer libros, bonecas e xogos de todo tipo. A nosa banca usa unha moeda que se chama "dedal" para recordar o oficio das Marías que dan o nome á nosa asociación. Cada xogo será valorado e se lles pagará dedais por eles.

Tamén recibirán un número por cada 5 dedais. Os nenos e nenas deben gardan moi ben os seus dedais e o seu número.

Cara a fin da tarde, serán convocados porque comenza o troco. Iremos chamando un número e cando toque, poderase mercar cousas ata un valor de 5 dedais en cada turno. Deste xeito, se hai algún xogo moi desexado, todos teñen a oportunidade por igual de o poder mercar. Animamos aos rapaces e rapazas a que comecen a apartar os xogos que quixeren traer.

Co mesmo espírito, nestas festas pensamos introducir algo de comercio e organizaremos un mercado de obxectos usados (para todos os públicos). Contamos coas súas donacións de cousas en bo estado, como poden ser, bixutería, libros, DVDs, roupa, obxectos decorativos pequenos, etc. Ao longo do día recibiremos as cousas que iremos vendendo a prezos moi asequibles. Todos os beneficios das vendas serán para a Asociación co obxecto de financiar así as nosas actividades futuras e mesmo as festas. Agradecemos a vosa colaboración e esperamos que todos disfruten desta iniciativa.

Mercados para pequenos e grandes



Il troco infantil
para participar
no troco infantil,
podedes levar as cousas
o sábado 4 a partir das 17h



HOTEL SANTA CLARA

Santa Clara, 12
Tel.: 981 574 003



Santa Clara, 20

Na memória do nosso vizinho Manuel Maronho “o Bom”

comissom de memória histórica da gentalha do pichel

Manuel Maronho Calvo, “o Bom” nascido em 1899, de ofício tipógrafo e e vizinho de Basquinhos nº 21, foi um filho do seu tempo e um exemplo de home comprometido com a luta política e sindical. Abraçou o marxismo desde mui novo, por entender que esse era o único caminho para acabar com as injustiças. Nestes parâmetros enquadra-se muita da produçom bibliográfica que Manuel Maronho, como secretário da Agrupaçom Socialista de Compostela, escreverá e imprimirá na rua das Hortas, nº 20, sede da imprenta Nós, propriedade do seu amigo e alcalde de Compostela, Ángelo Casal. Na linha editorial dos seus artigos também recolhe outras temáticas, como a juventude e as mulheres. Manuel Maronho defende a uniom da juventude com o povo trabalhador para enfrentar os abusos da igreja e a burguesia, e confia nas suas ideias para dar cabo do patriarcado e dos abusos sobre as mulheres.

Activo luitador antifascista, Manuel Maronho forma parte como sindicalista do grupo convocado na casa do Concelho a 18 de Julho de 1936, de onde emana o Comité de Defesa da República, formado por: Francisco Fernández Del Riego (Partido Galeguista), Fernando Barcia (PSOE), Miguel Alcalde (PRF), Rafael Frade (IR), Cândido Sanchez (CNT), Luis Rastrolho (POUM) e diversos representantes sindicais.

Os dias posteriores à sublevaçom fascista estám marcados pola tensom, e Maronho participará, com outros milicianos da Frente Popular (FP), em diversas operaçoms na cidade destinadas a garantir a lealdade de Compostela com a legalidade republicana. Para isto os frentepopulistas requisarám diverso armamento na Armaria Ríos da rua do Vilar, na Armaria Toribio e nas dependências das Guarda de Segurança. Também a FP se apoderará dos serviços ferroviários, e o Terço de Calo,

comandado por Joám Jesus Gonçalves aparecerá na cidade, ocupando os correios e telégrafos. Mas os militares golpistas nom tardarám em passar á ofensiva, e no 21 de julho tomam a cidade proclamando o estado de guerra e desatando umha campanha de terror, com umha brutal e indiscriminada repressom materializada nom só através de assassinatos mas também com detençoms, ameaças, malheiras, multas, roubos, extorsoms, “passeios” e execuçoms sem julgamento, torturas, despedimentos, repressom económica e psicológica... Entre as muitas pessoas que padecerom a barbárie franquista, queremos lembrar este vizinho do bairro: Manuel Maronho Calvo, julgado num conselho de guerra a 19 de Novembro de 1936, em que fõrom encausados 12 integrantes do Comité de defesa da República local. Para 10 deles, incluído Manuel Maronho, houve sentença de pena de morte e fusilamento. Fõrom executados em Boisaca a 3 de Dezembro. O seu delicto “traíçom”, por ser firme defensor da liberdade e da orde republicana. O vindouro 3 de Dezembro de 2010 cumpre-se o 74 aniversário da sua execuçom, e desde estas páginas queremos aproveitar para recordar e homenagear o nosso vizinho Manuel





CLINICA

VETERINARIA

SAN ROQUE

Rúa San Roque, 24 Baixo

Teléfono 981 58 72 33

URXENCIAS 24 H.: 607 95 22 70

15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA



obradoiro de faróis e guirnaldas

quinta-feira dia 2
19h00
ao lado da fonte
da rua de baixo

elaboraremos
os adornos da festa
e prepararemos-nos
para o concurso!

(o prémio será:
vale de 30€ na
"Librería-Papelería Eugenia"
da Avda. de Salamanca)

no obradoiro
podedes aproveitar
para entregar
as cousas
para a feira

quinta-feira dia 2
20h30
bar leis

lembrando o bairro: os bailes

com este ciclo pretendemos recuperar,
entre todas e todos, a memória do bairro.
Este encontro para falar dos bailes
é o terceiro que se fai, depois dos anteriores
sobre as festas e os divertimentos infantis.
Convidamos-vos a participar nesta troca de memórias!



Café - Bar

LEIS

Ventura Leis Villan

N.I.F. 76.457.114 - P

HABITACIONES DOBLES E INDIVIDUALES

Basquiños, 17 • Teléfono 981 581 112


SANTIAGO DE COMPOSTELA



San Roque, 13 - Santiago

Teléfono 981 564 379

info@labodeguilladesanroque.com www.labodeguilladesanroque.com



sacauntos

imprenta

grande
formato

merchandising

livros

têxtil

rotulação

crachás

info@sacauntos.com

zona vista alegre

santa ugia de ribeira nº2

15705 compostela - GZ


981 576 883 / 657 096 931

onde está?

resultado
na última
página

descobre onde foi tirada cada foto

1




2



4



3



5



6



9



8



7



10






11



12

13



14

15



17

16




18



19



20





¡¡REPARAMOS ORDENADORES!!

REPARACIÓN EN 24 H

PASA LA ITV A TU PC Y DÉJALO
COMO NUEVO POR
TAN SÓLO 29,90 € + IVA

ARREGLAMOS Y PRESUPUESTAMOS TU
PORTÁTIL..... ¡VEN Y COMPRUEBALO!


RÚ: Bequilhos Nº22 Estro
15704 Santiago de Compostela
Tel. / Fax: 981 560 373
Info@itglobal.es
www.itglobal.es

CONSULTORES ESPECIALISTAS

PARA TODO TIPO DE SOLUCIONES:

- INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES
- CONSULTORÍA TECNOLÓGICA
- SOLUCIONES DE IMPRESIÓN DIGITAL
- SISTEMAS AUDIOVISUALES
- MÁQUINAS DE OFICINA

IMPRESIÓN DIXITAL E LASER



44

FOTOCOPIAS
ENCADERNACIONES

R/ REPÚBLICA ARXENTINA Nº 44 B
TELF./FAX: 981 59 26 26

R/ SAN ROQUE Nº 14
TELF./FAX: 981 566 896

SANTIAGO

entrevistas: os novos negocios do barrio

IT GLOBAL. Basquiños,22-Baixo
Marcos, Josep e Suso

1.- Canto tempo levades no barrio?

Hai xa dous anos que abrimos este negocio

2.- Que vos decidiu a abrir aquí o voso negocio?

Principalmente a cercanía aos edificios administrativos da Xunta de Galicia xa que, polo tipo de negocio, temos moito contacto con esta administración.

3.- Que é o que máis vos gusta do barrio?

Sen dúbida a súa xente. Dedicámonos á venda de produtos informáticos e á súa reparación e moitos dos que viñeron unha vez, logo repetiron. A acollida foi boa e gústanos atopar os clientes do barrio que estiveron na tenda e que agora nos vé pola rúa e fala connosco e pregunta.


4.- Que botades de menos no barrio?

Bótase en falla unha remodelación do barrio. A maioría dos negocios son antigos, hai moitas casas sen reformar e o barrio en xeral está descochado. Parece como se houbera dúas partes claramente diferenciadas: unha ata Santa Clara máis atendida e coidada e outra de Santa Clara para arriba sen coidar e deteriorada. A remodelación desta rúa podería contribuír a que a rúa se renovase a atraer novos negocios.

5.- Que pensas de que se recuperen as festas?

Parécenos unha idea excelente. Sen dúbida as festas axudan a crear un bo ambiente e a que a xente do barrio se relacione entre si. Este ano procuraremos ir, cando menos, á sesión vermú.

DULCYSAL, BASQUIÑOS, 17- Baixo



Marisol e Hervé

1.- Canto tempo levades no barrio?

En setembro de 2009 comezamos coa reforma do negocio pero ata xaneiro de 2010 non puidemos abrir.

2.- Que vos decidíu a abrir aquí o voso negocio?

Estabamos Tenerife e decidimos recuperar a vida tranquila e voltar ao norte xa que eu son de Cantabria e Hervé de Burdeos, ademais eu teño orixes galegas así que Santiago non me resultaba tan alleo. Atopamos o negocio a través de internet e decidímonos a vir aquí.

3.- Que é o que máis vos gusta do barrio?

A cidade acolleunos de marabilla dende o primeiro día no que chegamos e estabamos parados mirando o noso plano e houbo quen se nos achegou para preguntarnos se precisabamos algo. No barrio, sen dúbida, o mellor é a xente, é o que máis nos gusta: é moi educada e sen casi coñecemos xa tiveron bos detalles connosco. Por outro lado, a tranquilidade que se respira no barrio tamén é algo a ter moi en conta e para nós, que temos un fillo pequeno, é importante atopar un lugar tan agradable no que poder crialo.

4.- Que botades de menos no barrio?

Temos uns horarios bastante amplos e casi non dispoñemos de tempo para movernos polo barrio. Non obstante, este é un barrio pequeno, como a cidade mesma, e todo está moi a man. Neste momento non poderíamos dicir se botamos algo en falta, cremos que non.

5.- Que pensades de que se recuperen as festas?

Parécenos estupendo que non se perdan as tradicións e que a xente se involucre nas festas do seu barrio. Dende que vos puxestes en contacto connosco para colocar os carteliños anunciando aquela actividade de "xogos populares" parecéunos que era moi importante que se fixesen cousas para que os barrios teñan vida e se manteñan as relacións entre a xente que vive nel .





TARASCA

Entremuros, 13
Compostela • Galiza

o teu estanco en...

EXPENDEDURÍA nº 23


Rúa Pastoriza, 22 baixo
15704 Santiago de Compostela



Família Gruaz & Moreira

Rúa San Roque, 37

15704 Santiago de Compostela / Telf: 981 571 312



www.agal-gz.org/gentalha

a gentalha do pichel
santaclara21

PELUQUERIA & ESTETICA

AINA

UNISEX

Mónica Salmonte Vidal

ESTILISTA



Basquiños, 39 Bajo

15704 Santiago de Compostela

Tlf: 981 05 20 34

(Sin cita previa excepto Estética)

Lunes a Viernes: 9:30 a 20:00

Sábados: 9:00 a 14:30

(no cerramos al mediodía)

MARISOL

(Peluquería Mixta)

Belleza

(Jornada Continua)

C/ Basquiños N° 18 B.

15704 Santiago

Telf.: 981 564 819



**U
R
V
E**

inmobiliaria

- **ALQUILER**
- **PERMUTA**
- **PROYECTOS DE ARQUITECTURA**
- **COMPRA**
- **VENTA**

San Roque, 33 - bajo
15704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 56 15 96
Fax: 981 55 43 01

brincando como antes

22 de maio



lembrando o bairro



e a sardinhada





lembra comprar a camisola



REPARACIÓN DE CALZADO & COPIA DE CHAVES

Santa Clara 16. 15704 Santiago de Compostela



CLINICA DENTAL SAN ROQUE

DRA. ANGELES SENLLE LEMOS
ODONTOLOGA

Colegiada n.º 768 - X Región

C/ San Roque 31 B.
15.704 Santiago de Compostela
Telf.: 981 58 29 40



**elaboración
propia**

Rúa dos Basquiños 13-15
Telf. 981571588

Ultramarinos A Estila, Marisa, Suso, Sita e Miguel

O 21 de xullo asistimos compracidos a unha fermosa festa de iniciativa veciñal que tiña por obxecto demostrar o cariño de todo un barrio aos seus “veciños e tendeiros de toda a vida”: Marisa, Suso, Sita e Miguel.

Os homenaxeados asistiron felices e emocionados a esta mostra de recoñecemento e afecto da súa veciñanza e non atopan palabras para agradecer a confianza, a fidelidade e o cariño que durante todos estes anos recibiron ao fronte do Ultramarinos A Estila.

Un 9 de xuño de hai xa 35 anos o Ultramarinos A Estila abriu as súas portas, primeiro con Suso e Marisa que viñan de traballar na construción e como bordadora, para máis tarde unírense a eles Sita e Miguel.

Daquela só había dúas tendas máis na zona pero a súa era o primeiro autoservizo, era un tempo no que en Compostela aínda non abrira o SIMAGO, a primeira “grande superficie comercial”. O seu é un concepto de comercio moi diferente a como o entendemos hoxe e as estampas que podemos atopar nesta tenda só se repiten noutras igual de “cercanas”: hai pequenos que van buscar o pan sen cartos porque logo pagarán mamá ou papá, hai xente maior que, por mor da vista ou das dificultades co cambio de moeda, entregan a carteira para que eles mesmos se cobren; o teléfono da tenda é moi recorrido pola veciñanza para chamar aos servizos de urxencia, e a súa escaleira serviu para sacar de apuros a máis dun veciño que esquecera as chaves, hai unha cadeira cerca do mostrador na que a xente se senta a parolar... non é só un ultramarinos é tamén un espazo de relación, de contacto e recoñecemento entre xentes de diferentes xeracións, un espazo para as confidencias e para o desafío, un punto de información e un espazo para comunicar e non só para comerciar.

Sen dúbida, Marisa, Suso, Sita e Miguel son catro fieis testemuñas da evolución do barrio, das xentes e das maneiras de vivir e de mercar. En tantos anos acumulan un feixe de anécdotas e lembran con especial cariño a quen voltaron despois de anos simplemente para saber das súas vidas, como o caso de Carla, unha moza americana que vivira no barrio había tempo e que o día da súa voda achegouse nun coche, vestida de noiva para que eles a visen e dicirlles: Suso, carallo, caso co galego!

Nos tempos que corren, gustaríanos que a xente que colla o relevo, se preocupe por manter a esencia de proximidade, confianza e familiaridade que estes amigos sementaron.

Marisa, Suso, Sita e Miguel, grazas e moita sorte nesta nova andaina!





1. rua de baixo, 29
 2. p. ultreia, 1
 3. p. ultreia
 4. pastozza, 13
 5. pastozza (marquesina)
 6. basquinhos, 8

7. café bar Uruguay
 8. peixaria Ollonoi
 9. rua s. roque
 10. rua de baixo, 44
 11. convento sta. clara
 12. basquinhos

13. escadas ultreia
 14. santa clara, 13
 15. entrada estlla
 16. cruz do Carmo
 17. avda. Salamanca
 18. basquinhos 12



L3
CAFE-BAR